

Publicidade:



Novas | Revista en papel | Top 100 | Nós
 Buscar en Código Cero:

Ineo informa dende Santiago das vantaxes de certificar a innovación nas empresas

venres 7 de marzo do 2008, por [Fernando Sarasqueta](#) | [Enviar por e-mail](#) | [411](#)

Neste mercado global tan axitado e concorrido xa non chega con enumerar os puntos fortes da empresa propia. Hai que certificarlos. Disto, da necesidade de contar con avais que lles garantan ós demais a nosa excelencia é do que tratou en boa medida un almorzo de traballo celebrado este venres na sede da Confederación de Empresarios de Galicia en Santiago. O encontro, organizado por Ineo, serviu así para aprofundar nos porqués desta necesidade de implantar certificacións (de calidade, de medio ambiente, innovación ou responsabilidade social corporativa) antes de tentar poñer un pé no mercado global. Na sesión participaron (entre outros) o director xeral de Ineo, Manuel Soliño e representantes de asesorías como Carmen Nogueira (Equantia), [Javier Regueira \(Lambda\)](#), Beatriz Bugarín (Isonova) e Javier Álvarez (Inovatech).

Para este último, os beneficios deste tipo de medidas (medidas que non estarán sempre ó alcance da man, sendo este que vivimos o intre xusto para as finais e acadalas) son claros: "Estas normas e certificados achegan un procedemento para innovar de xeito sistemático e continuado en distintos eidos como na xestión, a implicación dos recursos humanos, a transferencia do coñecemento, a mellor relación cos provedores, o enfoque ó cliente e, en resumo, na mellora continua da actividade".

Para Javier Regueira, é preciso quitarlle ferro a este tipo de iniciativas, que ó seu xuízo son unha portas inmejorables para entrar a formar parte da elite: "É certo que estamos a falar de algo caro, pero é asumible. Hai que quitarlle o medo ós certificados. Moitas empresas teñen chegado a eles e nós tamén podemos. Estas normas axudan tamén a competir, xa que dentro duns anos cando pidamos subvencións terán que ser presentadas", sinalou.


Na mesma sección

- [Ineo informa dende Santiago das vantaxes de certificar a innovación nas empresas](#)
- [Inician un proxecto para verificar as medicións dos radares de tráfico mediante GPS](#)
- [O presidente do CSIC avoga en Santiago por facer máis pontes entre a ciencia e as empresas](#)

Publicidade:



sociedade da información.eu
 Estratexia galega da Sociedade da Información



Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa Conxo de Arriba 49- 1 C
15706 Santiago de Compostela
Teléfono-fax:981 53 02 68



Premio da Galeguidade 2007
ó Medio de Comunicación



Galardón á Innovación Empresarial
na categoría de Comunicación



Premio EGANET á Mellor Web de
Medios de Comunicación